



NORMATIVA MEDIANTE A QUE SE ESTABLECE O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO ACADÉMICO DE CRÉDITOS POR PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS NOS GRAOS DA UDC, (Aprobada por acordo do Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012).

Texto consolidado trala modificación aprobada polo Consello de Goberno do 21 de xullo de 2016

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, establece no apartado 8 do seu artigo 12, sobre as directrices para o deseño de títulos de graduado, o seguinte:

« De acordo co artigo 46.2.i) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Para estes efectos o plan de estudos deberá considerar a posibilidade de que os estudantes obteñan un recoñecemento de, polo menos, 6 créditos sobre o total do antedito plan de estudos, pola participación nas mencionadas actividades.

De conformidade co disposto, procede establecer aquelas competencias que o alumnado pode adquirir pola súa participación en actividades universitarias susceptibles de recoñecemento por parte da UDC conforme aos seguintes criterios e procedemento.

Artigo 1. Competencias universitarias

Nas titulacións de grao recoñeceranse as competencias adquiridas polo alumnado mediante a súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación coa obtención de cando menos 6 créditos e até un máximo de 12 créditos correspondentes a materias optativas do plan de estudos que se estiver a cursar.

Os créditos que se recoñecerán, segundo as actividades desenvolvidas polo alumnado para o curso académico correspondente, figuran no Anexo I. Este anexo poderá ser modificado mediante resolución reitoral.

Só se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que a persoa solicitante estiver matriculada na UDC.

Artigo 2. Competencias nucleares da UDC

De conformidade co exposto no documento «O proceso de elaboración das guías docentes de centro, da titulación e da materia na construción do EEES na UDC», aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de xuño de 2007, o modelo para a elaboración do perfil académico profesional contempla, entre outras, unhas competencias nucleares, as cales son definidas pola Universidade da Coruña como esenciais e comúns a todas as titulacións coa pretensión de que poidan ser adquiridas por todos os titulados.

Os créditos que se recoñecerán, consonte as actividades desenvolvidas polo alumnado para o curso académico que corresponda, figuran no Anexo II. Este anexo poderá ser modificado mediante resolución reitoral.

Só se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que a persoa solicitante estiver matriculada na UDC.

Sen prexuízo de se realizaren as actividades formativas incluídas nos distintos plans de estudo, a adquisición destas competencias poderá efectuarse mediante accións formativas específicas como as que se desenvolven desde distintos servizos, centros ou outras unidades da Universidade da Coruña.

Artigo 3. Procedemento de recoñecemento académico de créditos

O procedemento de recoñecemento de créditos terá as seguintes fases de tramitación:

a) Solicitud por parte da persoa interesada, perante os órganos correspondentes dos recollidos nos anexos I e II, da acreditación de ter realizadas as actividades para as que solicita o recoñecemento académico en créditos. Na solicitude deberá indicar a titulación e o centro a que pertence.

b) Expedición da acreditación por parte do órgano responsable, que será entregada ao solicitante.

Estarán exentos de realizar a solicitude indicada no apartado a) e da expedición da acreditación prevista no apartado b) anteriores, aqueles estudantes que estean en posesión de certificados de asistencia ou superación que xa conteñan todos os datos que deben constar na acreditación e estén asinados polo órgano responsable.

c) Solicitud do recoñecemento de créditos académicos formulada pola persoa interesada ante o decanato ou a dirección do centro en que estiver a cursar os seus estudos, acompañada da(s) certificación(s) mencionada(s) no apartado anterior e da formalización do pagamento dos prezos que corresponderen, se é o caso, por este concepto.

Para estes efectos, o alumnado interesado poderá realizar a solicitude do recoñecemento de créditos no momento en que a suma dos créditos que consten nas certificacións que obtivo nunca sexa inferior ao número de créditos dunha disciplina ou materia de carácter optativo.


d) Recoñecemento académico nos créditos correspondentes a disciplinas ou materias optativas no expediente do alumnado, efectuada pola administración do centro pertinente. Para estes efectos o recoñecemento só poderá realizarse tomando como base a disciplina ou materia, nunca en créditos soltos, por ser esta a unidade de matrícula.

Este procedemento administrativo de recoñecemento de créditos recollido no artigo 3 poderá ser modificado coa implantación dos procedementos da e-UDC sen que for precisa unha nova aprobación por parte do Consello de Goberno. O novo procedemento incorporárase como anexo a esta normativa.

Disposición final. Facúltase o vicerreitor ou a vicerreitora con competencias en organización académica e titulacións para elaborar as normas complementarias precisas para desenvolver este acordo.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento
composto de 2 páxina/s numerada/s e selada/s, foi
aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data
21 de xullo de 2016

O secretario xeral



Asdo. *Carlos Aymerich Cano*